

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 30 de marzo de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
Dª Mª Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
Dª Mª Jesús Lago Rey  
Dª. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 10.07 horas do día trinta de marzo de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación o Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(375).- SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A AXUDA DOS GASTOS DO CLUB FEMININO DE PRIMEIRA DIVISIÓN DE FÚTBOL. EXPTE. 8372/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e RR.PP., do 9.03.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, co informe da técnica de Asesoría Xurídica, do 15.03.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 22.03.12, a Xunta de Goberno local acorda:

1. "Conceder á Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF G-36704666unha subvención pola contía de 60.000 euros para axuda dos gastos do club feminino de

primeira división de fútbol (super liga) que será de cargo á partida 912.0.489.00.04 (outras subvencións) do orzamento actualmente prorrogado, ou á súa bolsa de vinculación.

2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.  
Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.  
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
4. A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.  
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.  
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquellas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.  
Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar esta ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
8. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
9. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.  
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.  
O beneficiario poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
10. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerase pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de derecho administrativo, e no seu defecto, as normas de derecho privado."

## **2(376).- DAR CONTA DAS SEGUINTESENTENZAS E AUTOS:**

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 88/2010 P.O. Demandante: M<sup>a</sup> ISABEL DOMINGUEZ GONZALEZ. Obxecto: caída na vía pública. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6200/111.

- b) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 353/11 P.O. Demandante: D. MARCOS MARTÍNEZ DOMINGUEZ. Obxecto: exceso na reserva de prazas para promoción interna, acordo XGL 30-12-2012. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6911/111.
- c) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 64/2011 P.O. Demandante: D. MANUEL SANTOS GONZALEZ. Obxecto: incendio en Guixar o 3.03.2009. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6510/111.
- d) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 462/2011 P.A. Demandante: D. FERNANDO MACHADO DOMINGUEZ. Obxecto: danos vehículo por colector RSU. Declara rematado o procedemento. Expte. 7067/111.
- e) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 15/10 P.O. Demandante: Dª ELISA ALONSO MAZACHE. Obxecto: caída no mercado do Calvario. Sentenza non firme que estima parcialmente o recurso. Expte. 5876/111.
- f) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 75/2010 P.A. Demandante: D. J. CARLOS CENTENO MORALES E OUTROS. Obxecto: inexecución de silencio positivo en relaciónh con escrito de conductores-bombeiros en relación con vehículos de servizo. Sentenza non firme inadmite o recurso por se dirixir contra actividades non susceptibles de impugnación. Expte. 5973/111.
- g) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 335/2010 P.A. Demandante: Dª AVELINA SANTISO GIL. Obxecto: remoción e adscrición a un posto de traballo XGL 23.8.2010. Sentenza non firme que desestima o recurso. Expte. 6298/111.
- h) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 378/2007 P.O. Demandante: EYSSA e SETEX-APARKI, S.A. Obxecto: adxudicación contrato estacionamento regulado na vía pública (XER). Sentenza desestimatoria (comunicada na XGL do 8.03.2010). Apelación 4129/2010 TSXG, sala C-A, sección 2ª. Estima o recurso de apelación, revoga a sentenza da instancia, anula o acto recorrido e resolve a retroacción do procedemento. Expte. 72171/210.
- i) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 326/2011 P.A. Demandante: Dª TERESA MINIÑO GONZALEZ. Obxecto: caída na vía pública. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7122/111.
- l) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 55/08 P.O. Demandante: INTERPARKING HISPANIA, S.A. Obxecto: modificación e indemnización concesión aparcadoiro Porta do Sol. Sentenza que desestima o

recurso. Apelación 4450/2011, esta sentenza desestima a apelación da demandante, con custas de oficio. Expte. 4573/111.

m) Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo. Seguridade Social nº 1038/2011 P.A. Demandante: Dª AUREA SOTO LAGO. Obxecto: resolución do INSS, alta médica. Sentenza firme que desestima tódalas pretensións da actora. Expte. 7066/111.

n) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 263/10 P.O. Demandante: D. MIGUEL A. ALVAREZ ALVAREZ. Obxecto: reclamación indemnización por obras de humanización R. Esperanto. Sentenza que desestima o recurso. Apelación nº 4582/2011, TSXG, sala do contencioso-administrativo, sección 2ª. Sentenza que desestima a apelación do demandante con custas de oficio. Expte. 6079/111.

ñ) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 25/12 P.A. Demandante: D. CELSO VAZQUEZ COASTAS. Obxecto: sanción de tráfico, estacionamento incorrecto. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7136/111.

o) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 502/2011 P.A. Demandante: D. JOSE A. FERREIROS FERNANDEZ. Obxecto: sanción de tráfico. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7096/111.

p) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 12/2012 P.A. Demandante: D. HECTOR GOMEZ PRADO. Obxecto: sanción de tráfico. Sentenza firme que desestima o recurso, con custas de oficio. Expte. 7151/111.

q) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela no RC-A nº 791/2010 P.A. Demandante: D. HECTOR MONTERO LAGE. Obxecto: caída de moto con obras na calzada. Acepta o desestimento do demandante. Expte. 7081/111.

r) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 333/2011 P.A. Demandante: Dª JOSEFA CASTRO FERNÁNDEZ. Obxecto: resolución do Tribunal Económico Administrativo. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 6984/111.

s) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 355/2011 P.A. Demandante: Dª Mª JESUS FERNANDEZ VIÑAS. Obxecto: danos en vehículo polo guindastre municipal. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7113/111.

t) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 128/08 P.O. Demandante: FCC, S.A. E EYSSA. Obxecto: reclamación de cantidades por prestación de servizos. Sentenza non firme que estima

parcialmente o recurso, anula os actos (presuntos) recorridos e condena ao Concello. Expte. 5052/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**3(377).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 15/1657, 15/811, 14/2193, 16/686.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de conformidade cos informes-proposta do xefa de Área de Benestar Social, do 7.14 e 16.03.12, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:
  - Dª. Mª Isabel Asprilla Morales. Expte. 15/1657.
  - Dª. María Pérez Ríos. Expte. 15/811.
  - Dª. Rosa Rey Cabaleiro. Expte. 14/2193.
  - Dª. Elvira Nogueira Feijoo. Expte. 16/686.

**4(378).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2012. EXPTE. 71772/301.**

Dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de xaneiro e febreiro de 2012, segundo informe da técnica de Actividades Económicas.

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERA-CIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
23/01/12	II SEMINARIO DE EMERXENCIA SOCIAL	2279908	2012000030 10	1.200,00	VARIOS
24/01/12	MANTEMENTO E ACTUALIZA-CIÓN APLICACIÓN INFORMATI-CA	2279900	2012000041 43	17.986,00	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.
24/01/12	SUMINISTROS	2219900	2012000041 44	600,00	VARIOS
24/01/12	REPARACIÓNS E MANTEMEN-TO UBAS	2120000	2012000041 45	4.000,00	VARIOS
24/01/12	REPARACIÓN E MANTEMENTO MOBILIARIO	2150000	2012000041 46	1.500,00	VARIOS
24/01/12	SERVIZOS POSTAIS E MEN-SAXERÍA	2230000	2012000041 47	4.500,00	VARIOS

24/01/12	MATERIAL ORDINARIO NON INVENTARIAL	2200000	2012000041 48	1.000,00	VARIOS
24/01/12	LIBROS E OUTRAS PUBLICA-CIÓNS	2200100	2012000041 49	1.000,00	VARIOS
24/01/12	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2260100	2012000415 0	1.000,00	VARIOS
24/01/12	PROGRAMA TRANSICIÓN A VIDA AUTÓNOMA	2279900	2012000062 32	17.890,60	EMAU FUNDACIÓN SOCIAL
24/01/12	PROGRAMA PREVENTIVO "ODISEA"	2279908	2012000062 42	900,00	ERGUETE
07/02/12	PROGRAMA PREVENTIVO "MAIS QUE UN TEITO"	2279908	2012000067 87	6.900,00	ALBORADA
13/02/12	PROGR. PREVENTIVO "INFOR-MACIÓN-SENSIBILIZACIÓN"	2279908	2012000071 45	3.240,00	ERGUETE
15/02/12	PREVENCIÓN DROGODEPEN-DENCIAS	2279908	2012000085 97	5.040,00	MADRO
15/02/12	PREVENCIÓN DROGODEPEN-DENCIAS	2279908	2012000086 04	3.240,00	MADRO
15/02/12	PREVENCIÓN DROGODEPEN-DENCIAS	2279908	2012000086 11	4.000,00	MADRO
15/02/12	OBRADOIRO "NON PASA NADA, PASA ALGO"	2	2012000086 14	13.140,00	ALBORADA
15/02/12	PROGRAMA PREVENCIÓN "ODISEA"	2279908	2012000086 15	360,00	ALBORADA
15/02/12	PROGR PREV. "MAIS QUE UN TEITO"	2279908	2012000086 16	700,00	ALBORADA
16/02/12	OBRADOIRO "NON PASA NADA, PASA ALGO"	2279908	2012000086 85	2.100,00	ERGUETE
21/02/12	MAQUETACIÓN II I PLDA 2011-2016	2279908	2012000101 02	355,00	JOSÉ MANUEL PENA VILLAR
22/02/12	MANTEMENTO INST. CALEFAC-CIÓN MARQUÉS DE VALTE-RRA, 6	2279913	2012000101 65	826,00	CALOR Y AMBIENTE, S.L.
24/02/12	OCIO E TEMPO LIBRE MENO-RES SITUACIÓN DE RISCO	2260908	2012000103 45	18.000,00	ABERTAL

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**5(379).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA "SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.-SAMYL", POLOS SERVIZOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS, PRESTADOS NOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO 2012. EXPTE. 9587/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 13.03.2012, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral do 19.03.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

"Aproba-la indemnización substitutiva a favor da empresa "Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. -SAMYL-", polo importe de 32.913,70 euros, IVE engadido, como pago da factura polos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais prestados nos meses de xaneiro e

febreiro do presente ano, con cargo á Partida orzamentaria 1640.2279900 do exercicio vixente."

**6(380).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CINE CLUB LUMIERE, PARA A PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL DURANTE O ANO 2012. EXPTE. 4411/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Servizo de Festas e do xefe de Xestión e Promoción Cultural, do 27.02.2012, conformado pola concelleira delegada da área de Economía e Facenda e pola concelleira delegada da área de Cultura e Festas, e co informe do Secretario da Admón. Municipal do 5.03.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Que se aprube o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Cine Club Lumière Vigo, para a organización da programación de cine en versión orixinal durante o ano 2012.

2º.- Que se faculte á concelleira de Festas para asinar o citado convenio.

3º.- Que se autorice un gasto por un importe de 13.500,00 euros a favor do Cine Club Lumière (CIF G-36.758.696) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á aplicación 3380.489.0001 (Convenio Cine Lumière) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio."

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROXECCIÓN DE PELÍCULAS EN VERSIÓN ORIXINAL.**

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil doce

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións nos concelleiros delegados.

Doutra, don Xoán Manuel Novegil González-Anleo, como presidente de CINECLUB LUMIÈRE VIGO, CIF nº G-36.758.696 e enderezo social na rúa Doctor Cadaval nº 33 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3935/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.- Que Cineclub Lumière Vigo ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas. O Cineclub Lumière é a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega, que vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos de programación cinematográfica en versión orixinal.

II.- Que o Concello de Vigo está interesado en organizar iniciativas socioculturais que aumenten a súa programación, en especial a dirixida a públicos sectoriais e especializados, e por este motivo vén asinando convenios de colaboración similares desde o ano 2006.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento prorrogado, na aplicación 3380.489.0001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 (quince mil) euros, a favor da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización dunha programación ao longo do ano e da proxección de películas en versión orixinal.

**V.-** Que a entidade Cineclub Lumière Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracíons responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4411335.

Que en base ás precedentes consideracíons e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **CINECLUB LUMIÈRE VIGO**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

**Primeiro.-** A entidade Cineclub Lumière Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización dunha programación anual de películas en versión orixinal e, concretamente, a:

- 1º.- Presentar antes do día 15 de cada mes unha proposta de proxeccións para o mes seguinte, co obxecto da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.
- 2º.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.
- 3º.- Realizar o evento segundo a programación proposta e o presuposto aprobado, comezando as actividades do programa á hora anunciada ó público e tendo comprobado coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento coa fin de realizar as correccións técnicas que fosen necesarias.
- 4º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.
- 5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.
- 6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas, este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.

En xeral cumplir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1º.- Reservar as instalacións do auditorio da Casa do Concello para todos os luns dos períodos indicados do exercicio 2012 para a proxección das películas incluídas na programación obxecto deste convenio. Esta reserva tan só poderá ser modificada de forma excepcional por necesidades protocolarias do Concello, previa comunicación por escrito á entidade, cunha antelación mínima de 72 horas. Neste caso intentaríase buscar unha data alternativa de mutuo acordo, encargándose o Concello da difusión necesaria cara ó público. Así mesmo, en caso de realizar outros ciclos puntuais de proxeccións noutras datas, o Concello daralle prioridade para a reserva do recinto.

2º.- Conceder directamente a Cineclub Lumière Vigo, unha subvención por importe de 13.50,00 (trece mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da programación e proxección de películas en versión orixinal.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2013.1598.39.0200177272, domiciliada en Caixa Catalunya, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento por importe de 6.750,00 euros, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do período xaneiro-xuño.
- b) Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 6.750,00 euros, o día 20 de decembro.

En ambos os casos, a entidade deberá presentar previamente a través do Rexistro Xeral Solicitud de pagamento e Memoria-avaliación das actividades, conforme o recollido no pacto noveno deste convenio.

A comprobación da subvención corresponderalle ao persoal técnico do servizo de Festas encargado do seguimento do convenio, que emitirá informe no que se poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados. O dito informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de quince días seguintes á finalización de cada un dos períodos de programación deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acreedor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificador se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificador orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

– De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Cultura e Festas O xefe do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumplida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integralmente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio estabelécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas nos actos programados.

**Décimo sexto.-** O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

